

2020

OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Poderanse inscribir para a realización das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que **cumpran os seguintes requisitos:**

- **Teren feitos os 18 anos o día anterior á data de realización da proba**
- **Non estaren en posesión do TÍTULO DE GRADUADO NA ESO**
- **Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2018/19 nas ensinanzas educación secundaria ordinaria nin nas de Formación Profesional Básica.**
- **O alumnado matriculado durante o curso 2019/2020 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:**
 - a) **Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do 2º cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do 1º cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.**
 - b) **Para inscribirse na 2ª convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no 2º cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.**

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

FORMA, LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN:

Os prazos de matrícula serán :

Convocatoria de maio : 16 de marzo ao 27 de marzo do 2020 , ambos os dous incluídos.

Convocatoria de setembro: 1 ao 8 de xullo do 2020 , ambos os dous incluídos

Data de examen para a convocatoria de maio : 29 maio

Data de examen para esta convocatoria de setembro: 4 setembro

As persoas matriculadas para a 1ª convocatoria , se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a 2ª convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte papel , utilizando o formulario que figura no **anexo I**, disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal>

No caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, con selo de correos na primeira folla para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

- 1- Copia cotexada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou a certificación académica de ámbitos ou materias superados, de acordo coas especificacións establecidas nos números 2,3 e 4 da epígrafe décima terceira desta resolución.
- 2-Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro no caso de que se solicite a exención da lingua galega.
- 3- Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia o non se autorice a súa consulta. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requerirille á persoa interesada a súa presentación,ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios.
4. A documentación complementaria presentarse presencialmente nos Centros Educativos sinalados no punto 3 da epígrafe 2 desta resolución ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Persoas aspirantes formalizan a inscrición nun dos seguintes Centros:

Provincia da Coruña :

- Centro EPA .Eduardo Pondal, rúa da Educación,3-2º andar .A CORUÑA . Centro EPA de Sta Maria de Caranza , rúa Luis de Requeséns s/n FERROL
- I.E.S San Clemente, rúa S.Clemente , s/n .Santiago de Compostela .Alumnado co primeiro apelido entre **a LETRA A e A LETRA L**
- I.ES Isidro Parga Pondal, rúa Muíño da Pintura. Carballo (A Coruña)
- I.E.S Rosalía de Castro, rúa San Clemente, 3 Santiago de Compostela .Alumnado co primer apelido entre a **LETRA M e A LETRA Z**

Provincia de Lugo : Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa, s/n, 27003

Cando nos Centros autorizados o nº de persoas matriculadas exceda o aforo das aulas dispoñibles para realizar a proba, a xefatura que corresponda establecerá, na mesma localidade ou Centro ou Centros nos cales os matriculados realizarán a proba.

No suposto anterior, o Centro en que se formalice a matrícula elaborará listaxes definitivas de admitidos diferenciados para cada Centro en que deben presentarse para realizar as probas .As listaxes organizaranse seguindo criterios de orde alfabética por grupos de letras.

Para a realización das probas, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá agrupar nun único tribunal os aspirantes inscritos en dous ou máis centros, en caso de que o seu número non xustifique a creación dun tribunal.

COMPROBACIÓN DE DATOS

As persoas interesadas

a) DNI /NIE da persoa solicitante ; b) Certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia, só no caso de solicitar adaptación da proba;c) No caso de opoñerse a esa consulta indicalo no correspondente cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos ;d) Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación de documentos correspondentes.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Serán tratados na súa condición de responsable da Xunta de Galicia , Conselleria de Educación , Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá. .O tratamento de datos conforme a normativa recollida na ficha de procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas em [https:// www.xunta.gal /informacion-xeral-proteccion-datos](https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos).

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicadas conforme o descrito na norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento , a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos segundo se explicita na información adicional recollida em [https:// www.xunta.gal /protección -datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais)

NOTIFICACIONES:

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o sistema de notificacións electrónica de Galicia-Notifica.gal a través de [https:// sede.xunta.gal](https://sede.xunta.gal). A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorren dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico

practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

PERSOAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

As persoas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións de persoais de discapacidade que teñan a declaración legal de discapacidade poderán solicitar a adaptación da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

A Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que poderá delegar no presidente/a do tribunal, determinará se procede adoptar medidas ou facilitar recursos adicionais, e informará a persoa interesada e o tribunal correspondente da súa decisión

EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA:

Durante o período de inscrición, as persoas aspirantes poderán dirixir á dirección do Centro a solicitud de exención de lingua galega para que non sexa obxecto de avaliación nesta convocatoria.

As persoas solicitantes de exención acreditarán a procedencia doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, segundo o establecido no artigo 18.1 do Decreto 79/ 2010 do 20 de maio , para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O Director /a do Centro onde presente a solicitud, resolverá sobre a concesión ou a denegación da exención, fará pública tal circunstancia cando se publiquen as listas provisionais de admitidos e comunicarllo ao presidente/a do tribunal que corresponda.

Contra a resolución da dirección do Centro, cabe interponer recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

No prazo de 15 días posteriores á conclusión do prazo de presentación de solicitudes, os Centros publicarán a listase provisional de admitidos e excluídos, na cal se indicaran os motivos de exclusión. Tamén constarán as exencións da proba de Lingua Galega.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para a reclamación contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista admitidos. Transcorrido ese prazo, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Os Directores/as dos Centros en que se realizou a matrícula deberán comunicar o número de aspirantes que solicitan a realización da proba ao correo electrónico educadultos@edu.xunta.es do Servizo de Xestión económica e Educación de Persoas Adultas, pertencente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Tamén deberán comunicalo á respectiva xefatura territorial.

REALIZACIÓN DAS PROBAS:

As probas constarán de tres partes, correspondentes aos tres ámbitos en que se organizan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria para as persoas adultas, e os seus contidos terán como referente curricular os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada un dos ámbitos de coñecemento no anexo IB da Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na CAG, e ten como marco de referencia o establecido para a educación secundaria obrigatoria no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CAG.

As probas realizaranse en sesións de mañá e tarde os días 29 de maio e o 4 de setembro para as respectivas convocatorias.

SESIÓN DA MAÑÁ terá dúas partes :

De 9.30 horas a 12.00 horas, realizaranse as probas do ámbito científico- tecnolóxico que inclúen os exercicios das materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de E.Física.

De 12.15 horas a 13.15 horas, realizaranse a proba do ámbito social que inclúen os exercicios das materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.

SESIÓN DA TARDE . Das 16:00 horas ás 19:00, realizaranse a proba do **ámbito da comunicación** . Comprenderá os exercicios de :

A) Lingua Galega .

- a.1 Exercicio de redacción
- a.2 Cuestións de lingua galega e literatura

B) Lingua Castelá .

- a.1 Exercicio de redacción:
- b.2 Cuestións de lingua e literatura castelá

C) Lingua Estranxeira (inglés o francés)

Segundo as indicacións do Equipo Directivo dos Centros onde se realizan as probas, o Profesorado terá que colaborar nas tarefas de vixilancia dos exames.

No exercicio de redacción : o tribunal elixirá un tema de actualidade para llelo propor ás persoas aspirantes. O tema elixido debe ter preferentemente un contido de tipo social ou cultural e de ampla difusión local, autonómica, estatal ou internacional.

Na valoración da redacción terás en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, coherencia da exposición, ou vocabulario empregado, presentación do tema e o dominio da ortografía .

NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS:

Para a realización das probas, as persoas inscritas acreditarán a súa identidade presentando **o DNI, PASAPORTE OU CALQUERA OUTRO DOCUMENTO RECOÑECIDO EN DEREITO. NOS SE PERMITIRÁ O ACCESO ÁS PERSOAS QUE NON ESTEAN CORRECTAMENTE IDENTIFICADAS.**

Na proba do ámbito científico-tecnolóxico, o alumnado poderá utilizar calculadora .Non se poderán utilizar calculadoras programables nin aquelas que permitan a resolución de ecuacións ou a almacenaxe de datos alfanúmericos. En caso de dúbida, o Tribunal poderá revisar a calculadora para a súa valoración.

Os aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de resposta pechada, trasladarán as opcións elixidas a unha folla de respostas. Entregarán esta xunto co protocolo de exame.

Non se permitirá o uso do tño móbil, smartwatch nin ningún outro dispositivo electrónico, agás o mencionado no punto anterior. No caso dos reloxos intelixentes non se permitirá o seu acceso para a súa utilización como un reloxo convencional.

TRIBUNAIS:

Cada tribunal estará constituído por un Presidente/a e catro vogais, designados polo Xefe/a territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordeación Universitaria. Na composición do tribunal garantirase que existan dous vogais que impartan docencia no ámbito de comunicación, un deles de idioma estranxeiro, e outros dous que impartan docencia nos ámbitos científico- tecnolóxico e social.

O tribunal facilitará ós aspirantes con ámbitos superados unha certificación coas cualificacións obtidas ou de proposta para a expedición do título, utilizando os **anexo III** e cubrirá a ficha estatística, que se xunta como **anexo IV**, para enviala á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 10 de xullo para a convocatoria de maio e antes do 30 de outubro, para a convocatoria de setembro. Logo de rematado o proceso de avaliación, a Presidencia do tribunal entregará na Secretaría do Centro as actas de avaliación e demais documentación relacionada coas probas para a súa tramitación e custodia. A partir dese momento, serán o Director/a e o Secretario /a do Centro os que, á vista dos documentos custodiados, asinen todas as certificacións relacionadas coa realización das probas no ano 2020 e cos seus resultados.

AVALIACIÓN, VALIDACIÓN DE ÁMBITOS E PUNTUACIÓN DAS PROBAS:

O Profesorado que compoña o tribunal realizará a avaliación das probas por ámbitos de coñecemento. Por iso, os dous vogais pertencentes ao ámbito de comunicación repartirán o número de exames de maneira equitativa.

As personas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas no ámbito ou nos ámbitos superados nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

2- De acordo coas especificacións establecidas **no anexo II (equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para obtención do graduado en E.S.O.en convocatorias anteriores algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos PCPI ou algún ámbito dos PDC de 4º curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben(6), notable (7-8) e sobresaliente 9-10).**

3- **Quen acredite ter superadas algunhas materias de 4º curso de E.S.O. ou de 2º de BUP de acordo tamén coas especificacións do anexo II, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións, consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia , á superior.**

A cualificación de cada ámbito outorgarase de acordo coa seguinte escala:

ÁMBITO CIENTÍFICO- TECNOLÓXICO .

Matemáticas .

Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química .

Tecnoloxía .

Total máxima puntuación: 55 puntos

Cualificación do ámbito Científico-Tecnolóxico :

52 a 55 puntos Sobresaliente (10)	Menos de 27 :
47 a 51,99 puntos Sobresaliente(9)	21 a 26,99 puntos Insuficiente (4)
42 a 46,99 puntos Notable (8)	14 a 20,09 puntos Insuficiente (3)
37 a 41,99 puntos Notable (7)	7 a 13,99 Puntos Insuficiente (2)
32 a 36,99 puntos Ben (6)	0 a 6,99 puntos Insuficiente (1)
27a 31,99 puntos Suficiente (5)	

ÁMBITO SOCIAL

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Música e Educación Plástica e visual.Puntuación máxima : 25 puntos

Cualificación do ámbito social:

Puntuación Cualificación

23 a 25 puntos Sobresaliente (10)	Menos de12:
21 a 22,99 puntos Sobresaliente (9)	9 a 11,99 puntos Insuf 4
19 a 20,99 puntos Notable (8)	6 a 8,99 puntos Insuf 3
17 a 18,99 puntos Notable (7)	3 a 5,99 puntos Insuf 2
15 a 16,99 puntos Ben (6)	0 a 2,99 puntos Insuf 1
12 a 14,99 puntos Suficiente (5)	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN :

Lingua castelá e literatura

Redacción. Puntuación máxima : 20 puntos

Cuestións de lingua castelá e literatura. Puntuación máxima: 20 puntos

Lingua e literatura galega

Redacción. Puntuación máxima: 20 puntos

Cuestións de lingua e literatura galega. Puntuación máxima: 20 puntos

Lingua estranxeira

Puntuación máxima : 20 puntos

Total máxima puntuación : 100 puntos

Cualificación do ámbito de comunicación :

95 a 100 puntos	Sobresaliente (10)	Menos de 50:	
86 a 94,99 puntos	Sobresaliente (9)	37,5 a 49,99 puntos	Insuf 4
77 a 85,99 puntos	Notable (8)	25 a 37,99 puntos	Insuf 3
68 a 76,99 puntos	Notable (7)	12,5 a 24,99 puntos	2 Insuf 2
59 a 67,99 puntos	Ben (6)	0 a 12,49 puntos	Insuf 1
50 a 58,99 puntos	Suficiente		

No caso de persoas exentas da proba de Lingua galega , a puntuación máxima que se outorgara ao ámbito lingüístico será esta:

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN PARA PERSOAS EXENTAS PROBA DE LINGUA GALEGA A PUNTUACIÓN É A SEGUINTE :

Lingua castelá e literatura : Puntuación máxima 20 puntos

Redacción. Puntuación máxima : 20 puntos

Cuestións de lingua castelá e literatura .Puntuación máxima: 20 puntos

Lingua estranxeira. Puntuación máxima :60 puntos

Total máxima puntuación : 25 puntos

Cualificación do ámbito de comunicación para alumnado exento do Galego:

Puntuación. Cualificación

55 a 60 puntos	Sobresaliente (10)	Menos de 12 :	
50 a 54,99 puntos	Sobresaliente (9)	22,5 a 22,99 puntos	Insuf 4
45 a 49,99 puntos	Notable (8)	15 a 22,49 puntos	Insuf 3
40 a 44,99 puntos	Notable (7)	7,5 a 14,99 puntos	Insuf 2
35 a 39,99 puntos	Ben (6)	0 a 7,49 puntos	Insuf 1
30 a 34,99 puntos	Suficiente (5)		

CUALIFICACIÓN GLOBAL DA PROBA:

Os días 11 de xuño e 10 de setembro os tribunais farán pública a listaxe de cualificacións provisionais de cada una das convocatorias, que tamén poderá ser consultada no enderezo web [http:// www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

Contra a cualificación provisional, poderase presentar reclamación ante a presidencia do tribunal no prazo de 5 días hábiles tras a publicación da listaxe provisional. Transcurrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a listaxe de cualificacións que serán publicadas os días 19 de xuño e 18 de setembro de 2020 no enderezo : ww.edu.xunta.gal. Contra ese listaxe definitiva da proba, poderase interpor no prazo dun mes recurso de alzada ante o Xefe/a territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que esgotará a vía administrativa.

As personas aspirantes que superen os tres ámbitos da proba serán propostas polo Centro para a expedición do título de graduado en E.S.O. a través da aplicación XADE.